

Finalmente o Director Xeral de Obras Públicas da Xunta de Galicia escribe un artigo titulado: “Os estudos de impacto ambiental: unha garantía para a integración das novas infraestruturas do medio natural”. Aquí analiza os distintos proxectos e actividades que deben sufrir unha avaliación de impacto ambiental, así como tamén amosa a forma en que se realizan ditos análises, o seu contido e o momento para facelos.

*Marisol López Rodríguez*

*BLANCO CASTRO, Manuel: Vida e obra de Manuel Rodríguez López, Concello de Paradela, Lugo 2000, 91 páxs.*

Na primeira parte desta biografía, Manuel Blanco escribe sobre a vida de Manuel Rodríguez López: o seu nacemento en Radulfe, a súa nenez en Paradela e Barcelona, o seminarista, a súa formación humanística, a súa relixiosidade, o emigrante, o poeta obreiro, o seu amor a Galicia e Cataluña, marido e pai exemplar, as súas viaxes a Alemaña e Arxentina, o seu pasamento –víctima dun derrame cerebral, despois de ser operado dun cancro– e enterro en Adai, as homenaxes póstumas e, finalmente, o reencontro do poeta con Paradela –traslado aquí do seu cadaleito o 29 de abril de 1995– cun escrito da súa familia que publicara *El Progreso* e que, como o propio autor indica, serve “de broche e colofón”.

Na segunda parte amósase a obra do poeta e prosista de Paradela, que, ademais de escribir en galego, tamén o fixo en castelán e catalán; fala dos seus libros publicados, dos inéditos, das traducións, das súas colaboracións en prensa, dos seus poemas musicados, do conferenciante e das súas intervencións en radio.

Pero, ademais destes dous apartados, nas primeiras páxinas do libro incorpórase un saúdo do alcalde de Paradela, Xosé M. Mato Díaz, unha “presentación” de Xulio Xiz e unha introducción do propio Manuel Blanco Castro.

Así mesmo, nas derradeiras vinte páxinas do volume, transcribíense as opinións de persociros como Filgueira Valverde, Xesús Alonso Montero, Darío Xohán Cabana ou Xosé Luis Méndez Ferrín sobre o autor; apéndices documentais, entre os que podemos destaca-la acta de nacemento, a certificación da partida de bautismo, notas académicas ou a acta de defunción de Rodríguez López e un epílogo de Xesús Mato, no que califica a Blanco Castro como “digno sucesor de Manolo, na función de continua-lo labor de cronista dos galegos en Catalunya”.

*M.<sup>a</sup> Montserrat López Vázquez*

*ABEL VILELA, Adolfo de: A pompa funeral e festiva como exaltación do poder: O ceremonial en Lugo, Cuadernos de Estudios Gallegos. Santiago de Compostela, 1999, 348 páxs.*

O ben coñecido investigador D. Adolfo de Abel Vilela contribúe, neste interesante volume, a sacia-la nosa curiosidade ó abordar temas hoxe tan pouco coñecidos, como poden se-los cerimoniais fúnebres, as proclamacións, vodas... dos reis, raíñas e infantes, así como tamén as repercusións que tiveran na nosa cidade de Lugo. Para todo iso documéntase nas actas do Concello.